



# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
958/2024	A Xunta de Goberno Local	25/06/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 958/2024. CONTRATACIÓNS. APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRA “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”**

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que por Providencia de data 24/06/2024 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 24/06/2024 polo Alcalde foi detectada a necesidade de realizar a contratación da execución do proxecto “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, D. Pablo Blanco Ferreiro, con motivo da subvención concedida ao abeiro do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) " POS +2024 "

Dada a característica da obra considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que constan no expediente.

Visto que con data 24/06/2024 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 /UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014





Visto o informe de fiscalización favorable con data de 25 de xuño de 2024.

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra “RENOVACION DO PAVIMENTO PEONIL NA RUA CODESAL (ARCA)”.

**SEGUNDO.-** Autorizar, en contía de 57.866,64 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento aberto simplificado, con cargo á aplicación 1532.60900.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas e cadro de características que rexen a licitación.

**CUARTO.-** Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

